

Magín Blanco presenta:

GATUXO

"...preparádevos para disfrutar da tenra música para medrar."



Distribución:

www.urdime.net | info@urdime.net
T. +34 981937424 | M. +34 679946957 | M. +34 619920335

AGADIC

Axencia Galega das
Industrias Culturais



XUNTA
DE GALICIA



Gatuxo

Un espectáculo músico-teatral para os máis cativos da casa, tamén para papás, mamás, avós...

A crianza gatea para explorar e coñecer o mundo que os rodea.

Gatuxo é un espectáculo onde se fusionan as artes, a música, as cantigas, o teatro, os contos, o clown, a manipulación de obxectos ou o claqué, todo interpretado en directo por tres músicos a dúas voces e unha actriz, dirixido a crianzas e ós seus familiares acompañantes.

Gatuxo é unha metáfora do crecemento da crianza e do descubrimento do mundo dende unha perspectiva artística: o **Gatuxo** é arquitecto dunha caixa, é músico na cociña, é pintor de garabatos, é bailarín de claqué, é cantante, é monicrequeiro cos obxectos cos que brinca, e por suposto é o narrador da súa propia historia.

Gatuxo vai dirixido a dous públicos moi diferenciados, aínda que acudirán xuntos ao espectáculo: as crianzas, ás que vai dirixida a parte mais sensorial e orgánica do espectáculo, e os seus pais/nais, que recoñecerán a evolución de **Gatuxo** na dos seus propios fillos.

Gatuxo é a semente da arte mesma

Sinopse

Escoitase o latexo dun corazón, a ritmo de tambor, que provén dunha gran caixa branca que se atopa no centro do espazo escénico. Asoma un pé envolto nun calcetín e por outro lado vese unha man. Por riba aparece a cabeza, primeiro con timidez, e logo con curiosidade:

-Cucú!, a crianza sae da caixa cunha inxenuidade absoluta e un desexo enorme por coñecer.

Fora todo semella un gran lenzo branco para debuxar. A partires do xogo é como a crianza se coñece a si mesma e todo o que a rodea. Comeza a brincar coa caixa, que se converte no seu mellor xoguete: transformarase nunha casa, nunha cociña, nunha avioneta, nunha cara co seu primeiro sorriso, nun armario cheo de pezas grandes de roupa, nun parque no que xogar cos amigos... En cada un dos espazos recreados representase a evolución do bebé, reflectida nas súas rutinas diarias. Grandes aventuras lle agardan: aprender a comer só, descubrir a risa, comezar a gatear, emitir os primeiros son e verbas, xogar, dar os primeiros pasos, bailar.



Do creador de “A nena e o grilo”



Magín Blanco, o creador de “A nena e o grilo”, agora sorpréndenos con un novo proxecto, esta vez dirixido ao público máis noviño, os bebés. Despois do seu éxito acadado co espectáculo “A nena e o grilo nun barquiño” realizando máis de 90 actuacións durante a súa xira no 2013, consolídase como a proposta escénica infantil con maior repercusión nos últimos anos en Galicia.

Que Magín Blanco proceda do pop, e se achegue agora a un público “sen límite de idade”, dálle certamente un ar fresco a un espectáculo pensado para os máis cativos. O ex da banda La Rosa ve agora como parte do seu público merma en idade pero conserva intactos, o criterio e a esixencia. Para a xente miúda fai un espectáculo grande e resolve no escenario con achegas de enerxía, calidade e emocións.

A nena e o grilo

Pódese medrar a través de cancións e imaxes? O espectáculo *A nena e o grilo* de Magín Blanco – cos seus amigos -fíxonos, sen dúbida, un anaco máis grandes. Música do século XXI con tintes de pop, rock, reggae ou bossa nova, relatos que nos falan de que podemos aspirar a un mundo mellor, imaxes que nos achegan ás novas linguaxes. Para saír cuns centímetros de máis, mesmo que sexa en doses de ilusión, creatividade e imaxinación. E tamén, como non, un chisco máis felices.

A nena e o grilo chegou aos escenarios despois de ser presentado nun libro-CD para dar luz a este traballo de tantas dimensións creativas, Magín Blanco contou coa colaboración musical de infindade de artistas que lle deron ao proxecto un potencial exemplar que se deixou ver pola maioría dos teatros de todo Galicia. Agora a Nena e o grilo medrou, traducíndose tamén ao castelán presentándose como unha proposta destacada para o mercado latino.



Ficha artística

Magín Blanco: Voz e guitarra

Jorge Juncal: Piano, acordeón, Ukelele...

María Faltri: Voz e percusión

Raquel Queizás: Dirección e interpretación coa complicidade de **María Torres**

Luís Brotóns: Escenografía

Julia Brotóns e Cristina Castiñeiras: Vestuario

Suso Fernández "Pirri": Construcción do boneco Gatuxo

Daniel Piñeiro: Deseño iluminación e vídeo creación

Manolo Dourado: Técnico de son

Bea Fernández Cortizas: Técnica de iluminación

Ficha técnica

Duración: 45 min. Aprox.

Público: Familiar, recomendado de 0 a 5 anos

Técnica: Espectáculo musico - teatral.

Medidas aprox. do escenario:

Ancho: 7m

Alto: 3m

Fondo: 6m

Montaxe: 3h.

Desmontaxe: 1,5h



Contacto:



Urdime

PROPOSTAS CULTURAIS
PARA A INFANCIA E A XUVENTUDE

www.urdime.net | info@urdime.net

T. +34 981937424 | M. +34 679946957 | M. +34 619920335